

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúne con carácter ordinario no Pazo provincial ás 12:25 h do día 19 de xuño de 2026, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D. ROBERTO J. ÁLVAREZ CARRERO**, en substitución de D.^a LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, **D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA, D.^a MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ, D.^a DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.^a NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D.^a MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 22 de maio de 2026.

2.- DAR CONTA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS ESCOLAS DE MÚSICA DEPENDENTES DE ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2026 (Expte. 2026001821)

O presidente dá conta das bases que recollen o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas a escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2026, publicadas no BOPPO núm. 114, de 17 de xuño de 2026. As escolas que opten ás axudas deben estar inscritas no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia e ter domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

As bases convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3260.489.09, por un importe total de cento corenta e catro mil euros (144.000,00 €). O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte á súa publicación no BOPPO e BDNS e remata o 30 de setembro do presente ano. O prazo para a presentación das xustificacións remata o 31 de xaneiro de 2027.

3.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026 (Expte. 2026001811)

O presidente dá conta da concesión de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2026, aprobada na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 22



de maio de 2026. As sete entidades que reciben a subvención por un importe total de douscentos mil euros (200.000 €) aparecen relacionadas no documento con CSV: YG112JIBM02R9W9Q.

As bases destas subvencións foron publicadas no BOPPO núm. 24, do 5 de febreiro de 2026, co obxecto de aprobar a convocatoria e o procedemento polo que se rexeu a concesión, o seguimento e a xustificación das axudas para a organización de festivais ou certames cinematográficos de prestixio que teñen lugar na provincia de Pontevedra e que lles dediquen especial atención á programación e á difusión do cine galego e ás demais variantes lingüísticas de produción. A concesión das subvencións, por concorrência competitiva, estivo suxeita á dispoñibilidade orzamentaria, para as que se destinou un importe total de douscentos mil euros (200.000 €) euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05. No prazo establecido presentaron solicitude 9 entidades, das que dúas foron excluídas e figuran no expediente co CSV: 22WUV1VVYCTKJFRB, quedando admitidas as 7 restantes, que percibirán as seguintes cantidades segundo a valoración acadada trala reunión da Comisión de Valoración:

<i>Concello</i>	<i>CIF</i>	<i>Terceiro</i>	<i>Obxecto da subvención</i>	<i>Importe concedido</i>
Bueu	G94146362	ASOCIACION CULTURAL CINEMATOGRAFICA DE GALICIA FICBUEU	19ª Edición do FICBUEU	35.273,04 €
Marín	G26749911	ASOCIACION MARIN DE CINE	MAC Marín -Mostra do Audiovisual e Cinema de Marín	7.278,53 €
Pontevedra	G94151610	ASOCIACION CULTURAL E CINEMATOGRAFICA NOVOS CINEMAS	Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra. Edición 11	31.479,66 €
Porriño, O	G36442192	ASOCIACION CULTURAL Y DEPORTIVA DO PORRIÑO ARELA	XXIII Festival de Cans 2026	38.238,29 €
Tui	G36466670	ASOC CULTURAL ENFOQUES-TUI	Play-Doc Festival Internacional de Cinema e Documental de Tui. 22 Edición	36.992,41 €
Vigo	G27877703	ASOC CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS	Galician Freaky Film Festival 2026 #10edition	24.130,57 €
Vilagarcía de Arousa	G94137379	ASOCIACION CURTAS FILM FEST	Curtas Festival do Imaxinario 2026	26.607,50 €
TOTAL.....				200.000,00 €



4.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA EDICIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2026 (Expte. 2025080383)

O presidente dá conta da concesión de subvencións, en concorrência competitiva, para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2026, tramitadas polo Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra. A convocatoria destas axudas saíu publicada no BOPPO núm. 22, de 3 de febreiro de 2026 e están destinadas á edición en formato papel, audiovisual ou mixto que se editen en galego normativo durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, coa finalidade de colaborar na difusión de traballos de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo. Convocáronse cun financiamento de cen mil (100.000,00) euros, con cargo á aplicación 26/332.3322.789.00.

Trala recepción de solicitudes e comprobación das mesmas, resolveuse a concesión das axudas ás 16 entidades e publicacións que se detallan a continuación e no documento co CSV: OFYJZS0WT89CRNTK e excluír as 14 solicitudes que figuran na relación co CSV: R0NBOODEKK5VV16X.

Expediente	NIF/CIF	Terceiro extendido	Obxecto subvención	Presuposto	Importe solicitude	Valoración	Importe asignado	% Orzamento
2026009051	G15075013	ASOC DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACION LINGUISTICA DE GALICIA	Audiovisual documental "30 anos dos premios Lois Peña Novo en Soutomaior"	8.572,00 €	6.000,00 €	77	6.000,00 €	70%
2026014792	G36145290	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EUGENIA DE MOUGAS - OIA	Publicación "O Pío de Mougás e o alimento dos deuses"	5.693,05 €	3.500,00 €	50	3.500,00 €	61,48%
2026015594	G36537231	ASOC CULTURAL O TORREIRO DE FORZANS	Publicación "Historias de pedro e Felissa en Forzáns"	4.991,25 €	3.493,88 €	54	3.493,88 €	70%
2026012133	G36057347	CASINO DE VILLASOBROSO	Publicación e audiovisual "Vilasobroso, un percorrido pola paixase humana e natural"	11.603,90 €	8.000,00 €	50	8.000,00 €	68,94%
2026013573	G36733616	AGRUPACION FOTOGRAFICA GALEGA	Publicación "Maratón fotográfico. XXX Aniversario"	4.150,00 €	2.905,00 €	67	2.905,00 €	70%
2026008107	G36153724	GRUPO DE BAILE ANAQUIÑOS-REDONDELA	Publicación "Notas sobre instrumentos, música, baile e traxe tradicional galego"	1.942,05 €	1.359,00 €	58	1.359,00 €	69,98%
2026016293	G15400500	COORDINADORA PARA O ESTUDIO DOS MAMIFEROS	Publicación dunha guía Cetáceos "Mamíferos marinos e tartarugas mariñas do Morrazo"	3.142,98 €	2.200,08 €	52	2.200,08 €	70%
2026016335	G94153053	ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO EDUCATIVO Y CULTURAL	Publicación e Audiovisual "Tendas tradicionais de Pontevedra: Un Patrimonio Vivo"	11.429,00 €	8.000,00 €	54	8.000,00 €	70%
2026010765	G36166213	CLUB UNION DEPORTIVA RIBERA-O ROSAL	Publicación: "75 aniversario do Club Unión Deportiva Ribeira"	10.783,52 €	3.500,00 €	61	3.500,00 €	32,46%
2026015497	G27877703	ASOC CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS	Audiovisual "Dona Urraca - A coroa galega"	7.646,93 €	5.350,05 €	60	5.350,05 €	69,96%
2026012859	G75632000	ASOS DE MULLERES RURAIS ENTRE MULLERES	Publicación "Elas"	4.498,00 €	3.148,00 €	57	3.148,00 €	69,99%
2026009409	G36361434	ASOC AMIGOS DO MUSEO CASA DO PATRON	Publicación da "Guía práctica do medio natural"	5.033,60 €	3.500,00 €	52	3.500,00 €	69,53%
2026010325	G36017952	ASOC SOCIEDADE CULTURAL E DEPORTIVA CONDADO	Audiovisual "S.C.D. Condado, Historia Viva"	8.600,00 €	6.000,00 €	61	6.000,00 €	69,77%
2026009920	G27836006	ASOC ESPAZO ALICERCES	Edición Mixta: "Mapa de Coia. Barrio con historia"	8.119,10 €	5.683,00 €	76	5.683,00 €	70%
2026011838	G36062081	ASOC DE VECINOS DE CHAPELA-REDONDELA	Publicación "50 anos de veciñanza: Historia e memoria da Asociación de Veciños de Chapela"	2.999,76 €	2.099,83 €	50	2.099,83 €	70%
2026012057	G36040962	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS AGRÍCOLA E CULTURAL SAN TOMÉ DE PARDERRUBIAS	Audiovisual documental "Alcumes: O corazón dunha familia"	4.083,75 €	2.858,63 €	53	2.858,63 €	70%



5.- DAR CONTA DA ORGANIZACIÓN, POR PARTE DO MUSEO DE PONTEVEDRA COA UNED PONTEVEDRA, DO SEMINARIO: ARTE, EXILIO E MEMORIA: CASTELAO, A DERRADEIRA LEICIÓN DO MESTRE E A EMIGRACIÓN GALEGA EN AMÉRICA, O 22 E 23 DE XUÑO DE 2026 (Expte. 2026040748)

O presidente dá conta da organización, por parte do Museo de Pontevedra coa UNED Pontevedra, do seminario: Arte, exilio e memoria: Castelao, A derradeira leición do mestre e a emigración galega a América, programado para os días 22 e 23 de xuño de 2026 no Edificio Castelao do Museo de Pontevedra, con 10 horas lectivas e posibilidade de asistencia presencial e en liña, baixo inscrición previa.

Dentro da programación cultural prevista polo Museo de Pontevedra para o exercicio 2026 inclúese a exposición temporal da obra “A derradeira leición do mestre”, de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, considerada unha das creacións artísticas máis representativas da memoria democrática, do exilio republicano e da identidade cultural galega contemporánea. Co fin de contextualizar, ampliar e reforzar o impacto cultural, divulgativo e académico da exposición temporal, considérase necesario desenvolver unha programación complementaria mediante a organización do seminario “Arte, exilio e memoria: Castelao, A derradeira leición do Mestre e a emigración galega en América”, concibido como un espazo de reflexión interdisciplinar arredor da memoria histórica, da arte galega contemporánea e da dimensión internacional da cultura galega. A contratación da UNED Pontevedra para a organización e desenvolvemento do citado seminario responde á necesidade de contar cunha entidade académica e institucional que reúna, de maneira concorrente, capacidade organizativa especializada, solvencia científica, proxección internacional, infraestrutura técnica para o desenvolvemento híbrido da actividade (presencial e en liña), capacidade de difusión pública e experiencia acreditada na organización de actividades de extensión universitaria vinculadas á memoria democrática, á cultura e ao patrimonio.

O orzamento de gasto da organización do seminario ascende a 13.673,00 € (21% iva engadido) con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentario 26/333.3330.227.25, do vixente orzamento provincial.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:30 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

